



CONCELLO DE BOIRO – Alcaldía
Praza de Galicia s/n
Boiro, 15930
Tf.981.844800/ 981.849960 ext.1205
Fax 981844008
alcaldia@boiro.org

CONCELLO DE BOIRO

Boiro, 30 novembro 2018

O Centro de Información á Muller do Concello de Boiro explica o seu traballo ao alumnado do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Rianxo

Un centenar de crianzas escoitaron de primeira man o traballo que dende o CIM se fai coas mulleres.

Esta mañá as tres técnicas do Centro de Información á Muller do Concello de Boiro desprazáronse ata o CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao de Rianxo para falar de Igualdade e Violencia Machista co alumnado de 5ª e 6ª de primaria.

Esta actividade enmárcase nas actividades de promoción da igualdade e de sensibilización e visibilización das violencias machistas que se realizan dende os CIM.

Aproximadamente, un centenar de crianzas deste centro educativo aprenderon sobre o traballo que fan estas profesionais a cotío. Na sesión abordáronse temas tan diversos como a desigualdade entre sexos, o tratamento integral á muller vítima de violencia así como ás súas crianzas e persoas dependentes e a atención ao colectivo LGTBI.

O CIM de Boiro nace en 1998 como un servizo da entidade local dende o que se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

As funcións principais do CIM son: Diseñar e realizar actividades de prevención, información, asesoramento e loita contra a violencia machista, atender ás mulleres vítimas de violencia machista así como ás súas crianzas e persoas dependentes, atender a mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social e Informar e asesorar ao colectivo de persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais.

No CIM de Boiro dirixido dende a concelleira de Servizos Sociais por Beatriz Deus, realizan este traballo unha directora, María Ortega Iñarrea, unha avogada, Rocio Arnoso Moure, e unha psicóloga, Celtia Pampín López.

As persoas interesadas en contactar co CIM de Boiro poden facelo a través do teléfono 981849960 ext. 1250.

Boiro, 30 novembro 2018